



As curiosidades dun home curioso, D. Carlos Xoubanova Blázquez

Non foi un que foron moitos os que me indicaron o convinte de falar con D. Carlos Xoubanova Blázquez aproveitando a estadía nestas terras, xa que logo, marcha para Madrid onde ten a residencia habitual. Houbo quen me dixou que é un coleccionista de moitas cousas; houbo o que insinuou que a mellor colección a ten gardada na súa cabeza; tamén se me apuntou que, ó longo da vida, codeouse con personaxes da nosa historia estatal, da literatura española, do periodismo. Non se equivocaba ningún deles. Este home, que xa rebasou os oitenta anos, é de fácil verba, dunha amabilidade fora de dúbida, duns coñecementos tan variados como pouco frecuentes. Cando camiñaba na búsqueda da súa casa, o meu ocasional “cicerone” faloume de que en Madrid, recién xubilado D. Carlos, negouse a estar coma un pasmarote na casa e buscou un “algo” que facer e que servira ó mesmo tempo de distracción e máis de curiosidade. Así chegou a contar os pasos existentes dende o aeroporto de Barajas ata o quilómetro “0” na Puerta del Sol; contou as árbores dentro do Parque del Retiro, as portas que ten, etc... Mais, no referente a Corcubión, ten unha mancha de curiosidades que garda na memoria aínda que moitas as demostra con documentación gráfica ou escrita. Comenza a nosa conversa a propósito do seu curioso apelido.

- Segundo os nosos antergos, ven de cando a guerra contra Napoleón. Ó parecer aquí acadou axuda un dos soldados do exército francés que non quixo voltar no intre da retirada das tropas. Quedou, como digo, na

casa dun crego e adoptou -ou alguén llo puxo como alcume- ese apelido.

- ¿Qué anécdotas curiosas ou simpáticas, sexan profesionais ou mariñeiras, recorda con máis cariño?

- É imposible falar de tantas cousas como se me poden ocorrer. Son tantas que se diría que son innumerables. Casi debiera començar por mentar que meu pai veu de Cuba no ano 1900 e estableceuse nesta bendita terra. A curiosidade está en que meu pai traballou no “MAINE” e aínda conservamos algunhas reliquias de eses tempos históricos para o noso país.

Outra curiosidade é que o meu pai falaba catro idiomas sendo analfabeto cando marchou para Cuba onde aprendeu a leer e escribir.

Falaba antes vostede da miña costume de camiñar dende Barajas ata o quilómetro “0” e lle podo asegurar que en toda-las ocasións, contei 27.000 pasos. Ese é un viaxe que fago sempre, dende fai corenta anos e vou a seguir uns cantos máis. Outra curiosidade e a de saber cal é a rúa máis pequena de Madrid. Asegúrolle que non topei a moitos que responderan con acerto. O mesmo pasa cas portas do Retiro, que din sete, nove, dez, e non teñen nin idea de cantas son.

No referente á miña costume de coleccionar, direille que nesta casa teño unha exposición de tornillos

**Meu pai que
traballou no
“MAINE”, falaba
catro idiomas e
marchou
analfabeto para
Cuba**
